



MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESBROCE MECANIZADO DO CONCELLO DE MEIRA.

1.- Xustificación da necesidade.

A loita contra os incendios forestais é unha prioridade das distintas administracións públicas e que constitúe un dos eixos da súa acción. O cambio climático así como o progresivo abandono do rural están a converter os espazos forestais nun lugar onde cada ano milleiros de hectáreas son arrasadas polo lume poñendo en risco bens materiais, humanos e o ecosistema en xeral.

As entidades locais teñen encomendadas unha serie de competencias en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais nos artigos 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local e no 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

2.- Obxecto do contrato.

O obxecto do presente contrato é a prestación do servizo de desbroce mecanizado nas distintas vías e espazos municipais, creando franxas de prevención de incendios que permitan ser unha barreira contra os posibles lumes.

3.- Insuficiencia de medios.

Dadas as condicións técnicas necesarias que permitan o desenvolvemento destes traballos especializados, o Concello de Meira, non conta con medios materiais axeitados para poder dar satisfacción a esta necesidade e polo tanto, cómpre realizar a súa contratación para poder adquirila.

4.- División en lotes.

O contrato consiste na realización dos traballos de roza de marxes de estradas e camiños municipais, así como de leiras municipais ordinarias, para mantelas libres de malezas e en perfecto estado, de tal forma que se permita a súa funcionalidade. O servizo consistirá na eliminación e limpeza dos restos, mediante máquinas rozadoras accionadas desde un tractor preparado para o efecto, así como con medios mecánicos e manuais (rozadora manual, sopladora, etc.), de herba, maleza, e/o dos elementos arbustivos que sexan necesarios para manter as marxes das estradas e camiños municipais no estado óptimo que require a normativa de aplicación.

Neste caso, xustifícase a non realización de lotes neste contrato pola causa recollida no parágrafo anterior, por tratarse dun contrato integral de servizos homoxéneo (a roza e limpeza de leiras e camiños municipais) onde os traballos que se executarán deben estar coordinados e executados de maneira similar. A realización independente das prestacións comprendidas no obxecto do contrato, dificultaría a correcta execución do



mesmo desde o punto de vista técnico xa que se trata de servizos que teñen pouca dificultade técnica.

A división en lotes supoñería maior risco na coordinación das distintas prestacións, por unha pluralidade de contratistas diferentes

5.- Valor estimado e orzamento base de licitación.

O valor estimado do contrato é de 22.080 €.

O orzamento base de licitación do contrato é de 26.716,80 € (22.080 € máis 4.636,80 € en concepto de IVE).

6.- Financiamento.

Para o financiamento da adquisición do presente servizo, o Concello de Meira recibiu unha subvención por importe de 22.080,00 €.

Asemade, conta con crédito no seu orzamento na aplicación orzamentaria 136.227 para poder afrontar as obrigas derivadas da execución do presente contrato.

7.- Procedemento.

O procedemento proposto para a tramitación do seguinte contrato é o establecido no artigo 159.6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, xa que o valor estimado é inferior aos 60.000,00 €.

En base ao disposto no apartado 3 da Disposición Adicional Décimo quinta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), a presentación de ofertas e solicitudes de participación levará a cabo utilizando medios electrónicos, de conformidade cos requisitos establecidos na mencionada disposición adicional.

Con todo, os órganos de contratación non estarán obrigados a esixir o emprego de medios electrónicos no procedemento de presentación de ofertas en determinados supostos.

No presente contrato non se esixe a presentación de ofertas utilizando medios electrónicos, tendo en conta que a día de hoxe este Concello non conta cos medios telemáticos, que permitan realizar unha licitación electrónica con todas as garantías requiridas pola LCSP, polo que non é posible presentar ofertas electronicamente, e así a presentación e apertura das ofertas realizarase en formato papel.

A non utilización de medios electrónicos non impide que en todas as comunicacións, intercambios e almacenamento de información presérvense a integridade dos datos e a confidencialidade das ofertas e as solicitudes de participación. Desta forma, asegúrase

CONCELLO DE MEIRA
Praza do concello, s/n
27240 Meira
(Lugo)
Teléf/Fax.: 982 330 102
CIF: P2702900H
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es



Concello
de Meira

que non se examinará o contido das ofertas e solicitudes de participación ata que venza o prazo previsto para a súa presentación.

Meira, na data da sinatura electrónica

O Alcalde

Asdo. Antonio de Dios Álvarez